

1. SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO OU APRAZAMENTO DE COTAS COLEXIAIS

Nome e Apelidos :		Nº colexiado	DNI/NIF	DNI Número:
Domicilio particular (número e piso):	Localidade:	CP:	Provincia:	Teléfono/Móbil

EXPÓN

1º Que o Colexio no Capítulo VI das Bases de Execución do Orzamento Colexial ten establecido o fraccionamento de cotas colexiais . Que o que suscribe é debedor de cotas colexiais por importe de _____ Euros

SOLICITA

Que polo órgano competente se conceda fraccionamento ou aprazamento das seguintes cotas colexiais e nas seguintes condicións:

2. CONDICIÓN DE FRACCIONAMENTO SOLICITADAS:

A) Sen dificultades transitorias de tesourería:

Nº	Expresión	Euros -Nº de fraccion.
1	Importe da cantidade a fraccionar (Non pode superar os 500,00 €)	
2	Nº de fraccionamentos solicitados (non pode ser superior a 3)	
3	Importe de cada fraccionamento (non pode ser inferior a 20,00 €)	
4	Importe da cantidade a aprazar (non pode ser superior a 500,00 €)	
5	Data de vencemento do aprazamento (non superior a 6 meses)	

b) Con dificultades transitorias de tesourería: (neste caso non existe aprazamento)

Nº	Expresión	Euros -Nº de fraccion.
1	Importe da cantidade a fraccionar (pode superar os 500,00 €)	
2	Nº de fraccionamentos solicitados (pode ser superior a 3)	
3	Importe de cada fraccionamento (pode ser inferior a 20,00 €)	
4	Acreditación documental das dificultades transitorias de Tesourería (1)	

(1) Declaracións das rendas, situación de desemprego, outras

SINATURA

Espazo reservado para rexistro de entrada	En a de de 201__
	Asd.:(Nome e apelidos):

SR. PRESIDENTE DO COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA.

Hórreo

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO COLEXIAL.

BASE 34ª.-Fraccionamento e aprazamento de débedas:

1.Poderán ser obxecto de fraccionamento, sen acreditar dificultades transitorias de tesourería, mediante acordo do Presidente as cantidades adebedadas en concepto de cotas colexiais ordinarias que teñan unha antigüidade non superior a 2 anos e que non excedan de 500,00 €, e as cotas de alta.

2.O número máximo de aprazamentos non poderá ser superior a seis, con vencemento cada un deles nos 10 primeiros días de cada mes e pago conxunto coa cota bimensual ordinaria correspondente mediante domiciliación bancaria.O importe de cada fraccionamento non poderá ser inferior a 20,00 €.

Cando se trate de cotas de alta o número de fraccionamentos non poderá ser superior a dous dentro dun prazo máximo de seis meses.

3 As débedas que excedan do importe citado, e as solicitudes que formulen un número maior de aprazamentos requirirán para a súa concesión que se acrediten dificultades transitorias de tesourería por parte do interesado, mediante calquera documento de proba admisíbel en dereito (declaracións da renda, situación de desemprego, cese temporal da actividade, outros). En todo caso, o vencemento de cada prazo, será nas mesmas condicións que as indicadas no punto anterior.

4.O fraccionamento de débedas devengará o xuro legal do diñeiro recollido nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, liquidándose como un maior importe de cada fracción.

5.As solicitudes, cumprimentadas no modelo normalizado que se aprobe ao efecto, deberán dirixirse a nome do Sr. Presidente a través do Rexistro Xeral do Colexio facendo constar, en todo caso:

- Identificación do colexiado
- Importe da cantidade adebedada.
- Número de prazos que se solicita.

Deberá acompañarse a documentación esixida polo punto 1º.terceiro desta disposición cando se soliciten fraccionamentos en contía e vencementos superiores aos límites máximos establecidos.

6.O impago dalgunha das cantidades fraccionadas deixará sen efecto o acordo de fraccionamento, xirándose integramente a totalidade da débeda xunto cos custes de devolución e tramitación e os intereses de demora calculados sobre a cantidade pendente de pago.

A devolución do efecto anterior remitido en xestión de cobro, producirá a incoación do correspondente expediente de reclamación de débedas colexiais, coa advertenza de traslado aos servizos xurídicos para que realicen as accións conducentes á reclamación das cantidades ante os xulgados do civil, de acordo co procedemento previsto na Lei de enxuzamento de dita xurisdición, e o inicio do expediente de baixa forzosa como colexiado, polo motivo previsto no artigo 13º.e) dos Estatutos e, no seu caso, o exercicio de accións conducentes á cesación da actividade por competencia desleal fundamentada na violación e infracción das normas que esixen a colexiación para o exercicio da profesión de protésico dental.

7. O aprazamento das débedas anteriores poderá autorizarse, cando o seu importe non exceda de 500,00 e cun vencemento non superior a 1 ano. Non se autorizan aprazamentos con vencemento e/ou contía superiores